**Primitiva dunha función  $f(x)$**

```
#auto
funcion x^2/(2*x^2 + 3)^2
```

**Unha primitiva de  $f(x) = \frac{x^2}{(2x^2+3)^2}$  é**

$$\frac{1}{24}\sqrt{6}\arctan\left(\frac{1}{3}\sqrt{6}x\right) - \frac{x}{4(2x^2+3)}$$

A folla de traballo calcula primitivas de funcións dunha variable.

### Restriccóns de uso

- A variable independente é  $x$ . Se hai outras variables na función asúmense constantes para a integración.
- O resultado pode vir expresado en termos dunha ampla variedade de funcións especiais.

### Exercicios

1. Calcula unha primitiva de

- a)  $x^3e^{(x^2)}$
- b)  $\log(x^2 + 1)$
- c)  $\frac{a \arcsin x}{\sqrt{1-x^2}}$
- d)  $\frac{x}{x^4+1}$
- e)  $\frac{1}{x\sqrt{x^2-1}}$

- $f) \frac{1}{2 \sinh x - \cosh x}$   
 $g) \frac{1}{x^2 \sqrt[3]{(4+x^3)^5}}$
2. Comproba que as primitivas dalgunhas funcións non son expresables mediante funcións elementais. Neste caso Sage devolve unha función especial ou a función a integrar.
- a)  $e^{-x^2}$   
 b)  $\frac{\sin x}{x}$   
 c)  $\frac{1}{\log x}$   
 d)  $x^x$
3. Comproba que outras variables distintas de  $x$  na función son tratadas como constantes na integración. Acha unha primitiva de
- a)  $x \sin y$   
 b)  $x^{a^2}$
4. Busca a documentación Sage para o cálculo de integrais (`integral?` ou `integrate?`).
5. Calcula unha primitiva de
- a)  $\sqrt{1-x^2}$   
 b)  $\sqrt{a^2-x^2}$   
 c)  $\sqrt{a-x^2}$
- Observa que no derradeiro caso non se devolve unha primitiva senón un aviso requerindo información suplementaria. Escribe nunha celdiña baleira da folla
- ```
integral(sqrt(a-x^2),x)
```
- e verás o mesmo aviso de xeito condensado
- 
- ```
integral(sqrt(a-x^2),x)
Traceback (click to the left of this block for traceback)
...
Is a positive or negative?
```
- Se executas
- ```
assume(a>0)
integral(sqrt(a-x^2),x)
```
- obterás a primitiva buscada.
6. Para que Sage olvide a asunción feita sobre  $a$  avalia `forget(a>0)`. Comproba o uso de distintos algoritmos de integración avaliando
- ```
integral(x^a, x, algorithm='sympy')
e
integral(x^a, x, algorithm='maxima')
```
7. Busca na internet páxinas que calculen primitivas.

## Folla 8

# Integral definida dunha función $f(x)$

### Integral definida dunha función $f(x)$

#auto

funcion  $x^2/(2*x^2 + 3)^2$   
dominio  $(0, 2)$

A integral de  $f(x) = \frac{x^2}{(2x^2+3)^2}$  entre 0 e 2 é

$$\frac{1}{24}\sqrt{6} \arctan\left(\frac{2}{3}\sqrt{6}\right) - \frac{1}{22}$$

Unha aproximación numérica é

0.0587844

A folla de traballo calcula a integral definida de funcións dunha variable.

#### Restriccóns de uso

- A variable independente é  $x$ .


#### Exercicios

1. Calcula a área pechada polo eixe  $x$  no intervalo  $[0, \pi/2]$  e as curvas  $y = \cos x$  e  $y = \sin x$ . Representa previamente as funcións no dominio indicado usando a folla para a representación simultánea de funcións dunha variable.
2. Representa e calcula a área limitada polas curvas  $x-y-1=0$  e  $y^2+x-3=0$ . Para a representación da segunda función hai que resolvela respecto de  $y$  ou proceder como sigue.

Avalía nunha celdiña baleira da folla o seguinte código

```
c1=implicit_plot(x-y-1,(x,-2,4),(y,-3,3),aspect_ratio=1)
c2=implicit_plot(y^2+x-3,(x,-2,4),(y,-3,3),aspect_ratio=1)
show(c1+c2)
```

Obterás a seguinte gráfica




3. Aínda que  $\int \frac{\sin x}{x} dx$  non é expresable mediante funcións elementais a folla calcula aproximacións numéricas. Calcula  $\int_{-1}^1 \frac{\sin x}{x} dx$ .
4. Acha a área comprendida entre a curva  $y^2 = \frac{x^2}{1-x^2}$  e as súas asíntotas.
5. Acha aproximadamente a lonxitude da elipse de semieixes 3 e 2. E se os semieixes son  $a$  e  $b$  (para calcular un cuarto da lonxitude pedida avalía nunha celdiña baleira o comando `integral(b*sqrt(1-x^2/a^2),x,0,a)`). Terás que facer unha asunción sobre  $a$ ).
6. Calcula a lonxitude do arco da curva  $y = \log \frac{e^x - 1}{e + 1}$  entre  $x = 2$  e  $x = 4$ .

## Folla 9

# Representación de funcións de dúas variables $z = f(x, y)$

**Representación interactiva de funcións de dúas variables  $z = f(x, y)$**



A folla de traballo amosa unha representación interactiva da gráfica dunha función de dúas variables.

### Restriccóns de uso

- As variables independentes son  $x$  e  $y$ .


### Exercicios

- Representa  $\sin(xy)$  (se non se indica o dominio, a usuaria escollerá o máis adecuado).

2. Representa  $(x^2 + y^2) * e^{(-x^2 - y^2)}$  en
  - a)  $[-2, 2] \times [-2, 2]$
  - b)  $[-20, 20] \times [-20, 20]$
3. Representa  $\frac{1}{xy}$  en  $[-1, 1] \times [-1, 1]$ . ¿Existen puntos para os que a función non é real? De existir, ¿afectan á representación gráfica? Representa  $\frac{1}{xy}$  en  $[0.001, 1] \times [0.001, 1]$ .
4. As superficies da folla represéntanse grazas ó applet Jmol, que áinda que definido como un visor Java de código aberto para estructuras químicas en tres dimensións pode ser usado para visualizar superficies. O sitio web canónico de Jmol é <http://jmol.sourceforge.net/>. Fai clic enriba dunha superficie e experimenta variando os parámetros. Fai xirar a superficie, varía as velocidades de xiro, amosa os eixes, ... Busca as opcións de Estereografía: ¿a qué se refiren?
5. Cambia o código da folla de traballo para que acepte funcións de argumentos  $u$  e  $v$ .
6. Representa  $z^2 = x^2 + y^2$  (cono circular de eixe  $z$ ). Despexa  $z$  e representa dúas funcións. Lee a axuda relativa a `plot3d` para representar varias superficies simultáneamente.
7. Busca cómo variar o color e a transparencia das superficies.
8. Aínda que Jmol é usado por defecto, pódese utilizar outra representación para as superficies. Executa nunha celdiña baleira
 

```
P=plot3d(x^2+y^2,(x,-2,2),(y,-2,2))
show(P,viewer='jmol')
show(P,viewer='tachyon')
```

 e verás dúas representacións dun paraboloide. A segunda usa Tachyon, <http://jedi.ks.uiuc.edu/~johns/raytracer/>, unha implementación en código libre dun sistema de trazado de raios (*raytracing*). A seguinte figura está feita en Sage mediante Tachyon.



I don't want to pay for  
my math  
software  
now or  
anytime  
in the  
future.



[www.sagemath.org](http://www.sagemath.org)

## Folla 10


# Representación de funciones implícitas $F(x, y, z) = 0$

**Representación interactiva de funciones implícitas  $F(x, y, z) = 0$**

#auto

```
F -x^2 - y^2 - z
dominio_x (-2, 2)
dominio_y (-2,2)
dominio_z (-2,2)
```

**Gráfica de  $F(x, y, z) = -x^2 - y^2 - z$**



A folla de traballo amosa unha representación interactiva da gráfica dunha función implícita con tres variables.

### Restriccions de uso

- As variables independentes son  $x, y$  e  $z$ .

### Exercicios

1. Representa o elipsoide  $x^2 + y^2 + 4z^2 - 1 = 0$  (se non se indica o dominio, a usuaria escollerá un adecuado).
2. Representa o hiperboloide dunha folla  $x^2 + y^2 - 4z^2 - 1 = 0$ .
3. Representa o hiperboloide de dúas follas  $-x^2 + y^2 - z^2 - 1 = 0$ .
4. Representa o paraboloide elíptico  $z - x^2 - 2y^2 = 0$ .
5. Representa o paraboloide hiperbólico  $z - x^2 + 2y^2 = 0$ .
6. Representa o cono  $z^2 - x^2 - y^2 = 0$ .
7. Representa o cilindro  $x^2 + 2y^2 - 1 = 0$ . Explica porqué se introduce a mesma ecuación na folla anterior, obtés non un cilindro senón un paraboloide.
8. Se introduciras a función  $z = 0$ , ¿qué superficie obterías? Fai o experimento mental e comproba despois se acertaches. ¿Qué terías que escribir na folla anterior para obter a misma superficie?
9. Se introduciras a función  $x^2 + y^2 + z^2 = 0$ , ¿qué obterías? Fai o experimento mental e comproba despois se acertaches. ¿E con  $x^2 + y^2 + z^2 = -1$ ? ¿Trátase da mesma situación?
10. Cambia o código da folla de traballo para que acepte funcións de argumentos  $u, v$  e  $w$ .
11. Lee a axuda do comando `implicit_plot3d`.


## Folla 11

# Representación simultánea de funcións de dúas variables

$$z_1 = f(x, y), z_2 = g(x, y), \dots$$

A folla de traballo representa simultáneamente varias funcións explícitas de dúas variables  $z_1 = f(x, y), z_2 = g(x, y), \dots$  nun dominio especificado polo usuario.

**Representación simultánea de funcións de dúas variables**  $z_1 = f(x, y), z_2 = g(x, y), \dots$



### Restriccions de uso

- As variables independentes son  $x$  e  $y$ .

### Exercicios

1. Representa unha esfera.
2. Representa un cono.
3. Representa o cilindro circular de eixe  $x$  e radio 1. Compara a gráfica ca que obtés na folla de representación de funcións implícitas. Explica a diferencia (`aspect_ratio`) e corrixe o código da folla.
4. Representa o cilindro de eixe  $y$  e radio 2. ¿Podes representar usando esta folla o cilindro de radio 1 e de eixe  $z$ ?
5. Crea unha folla como as aquí expostas que represente simultáneamente varias funcións implícitas  $F(x, y, z) = 0, G(x, y, z) = 0, \dots$

## Folla 12

# Límite de funcións de dúas variables

**Límite dunha función  $f(x, y)$  cando  $(x, y) \rightarrow (a, b)$ ,  $\lim_{(x,y) \rightarrow (a,b)} f(x, y)$**

```
#auto
funcion (x^2 - y^2)/(x^2 + y^2)
punto (0,0)
iterados
traxectorias
expresion_da_traxectoria y=m*x
polares
```

A folla de traballo calcula os límites iterados, segundo traxectorias e mediante coordenadas polares de funcións de dúas variables no punto indicado polo usuario.

### Restriccions de uso

- As variables da función son  $x$  e  $y$ .
- A traxectoria ten que expresarse como unha función explícita (de  $y$  ou de  $x$ ). Esta función admite parámetros.

### Exercicios

1. Calcular, se existe, o límite das seguintes funcións na orixe

- a)  $\frac{x^2 - y^2}{x^2 + y^2}$ . Na seguinte imaxe pode verse a resposta da folla. Nótese que o límite non existe porque
- 1) os límites iterados existen pero non coinciden, ou
  - 2) o límite segundo a traxectoria  $x = my$  depende de  $m$ , ou
  - 3) o límite en polares non é nulo

función   
 punto   
 iterados   
 traxectorias   
 expresion\_da\_traxectoria   
 polares

**Os límites iterados son**  $\lim_{y \rightarrow 0} \lim_{x \rightarrow 0} \frac{x^2 - y^2}{x^2 + y^2} = -1$  e  $\lim_{x \rightarrow 0} \lim_{y \rightarrow 0} \frac{x^2 - y^2}{x^2 + y^2} = 1$

**O límite segundo a traxectoria indicada é**  $\frac{m^2 - 1}{m^2 + 1}$

**O límite en polares é**  $\lim_{r \rightarrow 0} 2 \cos(t)^2 - 1 = 2 \cos(t)^2 - 1$

- b)  $\frac{x-y-xy}{x+y}$ . (Probar cas traxectorias  $y = mx$ . Existen límites iterados pero non límite ordinario).
- c)  $\frac{xy}{x^2+y^2}$ . (Probar cas traxectorias  $y = x, y = -x, y = x^2$ . ¿Son iguais os límites iterados?).
- d)  $\frac{xy^2}{x^2+y^4}$ . (Aínda que o límite en polares é nulo, isto é unha condición necesaria pero non suficiente para a existencia de límite ordinario. Calcular o límite en polares para  $t = \arccos(r)$ . Próbese a traxectoria  $y = \sqrt{x}$ ).
- e)  $(x+y) \cos \frac{1}{x} \sin \frac{1}{y}$ . (Non existen os límites iterados pero o límite ordinario é 0. Nótese tamén que a folla non é capaz de calcular o límite en polares).
- f) Representar as superficies dos dous últimos exercicios.
- g)  $\frac{xy}{\sqrt{x^2+y^2}}$ . (O límite é 0).
- h)  $\frac{2x^2(y+1)+y^2}{2x^2+y^2}$ . (O límite é 1).
- i)  $\frac{xy+y^2}{x^2+y^2}$ . (Calcular os límites iterados. ¿Pode existir límite ordinario?)

## Folla 13

# Derivadas parciais de funcións reais de varias variables

$$f(x, y, z, \dots)$$

Derivadas parciais dunha función real  $f(x, y, z, \dots)$

```
#auto
f e^(-(x^2 - 1)^3)sin(y^2)
variables [x, y]
```

A derivada da función  $e^{-(x^2-1)^3} \sin(y^2)$  respecto da(s) variable(s) [x, x, y] é

$$\partial^3 e^{-(x^2-1)^3} \sin(y^2) / \partial xxy =$$
$$72(x^2 - 1)^4 x^2 y e^{-(x^2-1)^3} \cos(y^2) - 48(x^2 - 1)x^2 y e^{-(x^2-1)^3} \cos(y^2) - 12(x^2 - 1)^2 y e^{-(x^2-1)^3} \cos(y^2)$$

A folla de traballo calcula derivadas parciais de funcións reais de calquera número de variables.

### Restriccóns de uso

- A expresión da función pode ter calquera número de variables, as cais poden ter calquera nome.
- No campo **variables** escrébense as variables, separadas por comas, respecto das que se quere derivar e na orde desexada.

### Exercicios

1. Calcula as derivadas parciais primeiras de

a)  $z = y \sin(xy)$

b)  $z = \sqrt{e^{2x+y-x^2}}$

- c)  $z = \frac{x}{x^2+y^2}$   
d)  $S = a \sin(x - ct)$ , con  $a, c$  constantes.

2. Calcula as derivadas parciais segundas de

- a)  $P = \frac{RT}{V-b} - \frac{a}{V^2}$  (ecuación de Van der Waals).  
b)  $PV = nRT$  (lei dos gases perfectos).

## Folla 14

# Desenvolvemento de $f(x, y)$ en serie de Taylor

**Desenvolvemento de  $f(x, y)$  en serie de Taylor**

```
#auto
funcion [e^(x + y)]
orde [3]
punto [(0, 0)]
```

**O desenvolvemento de  $f(x, y) = e^{(x+y)}$**

en serie de Taylor de orde 3 no punto  $(0, 0)$  é

$$1 + (x + y) + \frac{x^2 + 2yx + y^2}{2} + \frac{x^3 + 3yx^2 + 3y^2x + y^3}{6} + \dots$$

A folla de traballo calcula o polinomio aproximador de Taylor da función de dúas variables  $f(x, y)$  de orde dada no punto indicado.


### Restriccions de uso

- As variables independentes son  $x$  e  $y$ . Se hai outras variables na función asúmense constantes.

### Exercicios

- Aproxima a función  $\sqrt{x^2 + y^2}$  mediante un polinomio en  $x, y$  de grao 4 nun contorno de  $(1, 0)$ .
- Aproxima a función  $\sqrt{x^2 + y^2}$  mediante un polinomio en  $x, y$  de grao 4 nun contorno da orixe. ¿Porqué se obtén  $+\sqrt{x^2 + y^2} + \dots$ ?
- Aproxima a función  $\frac{1}{1+xy}$  nun contorno de  $(1, 0)$  mediante un polinomio de segundo grao.

4. Aproxima a función  $\frac{y^2}{x^3}$  nun contorno de  $(1, -1)$  mediante un polinomio de segundo grao.
5. Aproxima a función  $x \sin y + y \sin x$  nun contorno de  $(0, 0)$  mediante un polinomio de cuarto grao.
6. Comproba, usando a folla de representación simultánea de funcións explícitas de dúas variables, o progresivo axuste dos polinomios aproximadores á función exponencial  $e^{x+y}$  na orixe. Na seguinte imaxe amósanse a exponencial a as aproximacións de ordes 1 e 2.



Asocia cada gráfica ca función que lle corresponde. Consulta a documentación (`taylor?`) para evitar ter que escribir os polinomios de Taylor, que poden ser moi longos.

7. Abre a folla de traballo 14b (disponible no medio dixital). Estudia que é o que fai. Repite con ela as comprobacións do último exercicio.

## Folla 15

# Extremos relativos de funcións de dúas ou tres variables

### Extremos relativos de funcións de varias variables

#auto

funcion  $x^3 - 4*x*y + 2*y^2$

#### Puntos críticos

$$\left(\frac{4}{3}, \frac{4}{3}\right)$$

$$(0, 0)$$

#### Matriz hessiana

$$\begin{pmatrix} 6x & -4 \\ -4 & 4 \end{pmatrix}$$

O punto  $(\frac{4}{3}, \frac{4}{3})$  é un mínimo relativo

O punto  $(0, 0)$  é de sela

A folla de traballo calcula os puntos críticos, a matriz hessiana e clasifica os puntos críticos da función de dúas ou tres variables dada.

#### Restriccions de uso

- Admite funcións de dúas ou tres variables:  $x, y$  e  $z$ . Se a función é de dúas variables, estas son  $x, y$ . Se de tres,  $x, y, z$ .

### Exercicios

1. Acha os extremos relativos das seguintes funcións:
  - a)  $6xy - x^3 - y^3$
  - b)  $(x^2 + y^2)e^{x^2-y^2}$
  - c)  $12x^2 + 12y^2 - x^3y^3 + 5$
  - d)  $x^8 + y^6 - 2x^4 - 3y^2$
2. Acha os extremos relativos da función  $x^2 + y^4$ . ¿En cántos puntos pode existir un extremo? Representa a función  $f(x, y) = x^2 + y^4$  e comproba se a orixe é un extremo.
3. Determina os extremos relativos da función  $f(x, y) = x^4 + y^4 - 2x^2 + 4xy - 2y^2$ . Representa a superficie para decidir acerca da orixe.
4. Atopa as dimensíons dun ortoedro de volumen  $64 \text{ cm}^3$ , de xeito que a súa superficie sexa mínima.
5. Acha os extremos da función  $f(x, y) = \frac{1}{1+x^2+y^2}$ . Representa a función para axudar na decisión. Pensa sobre a expresión da función.

## Folla 16

# Extremos condicionados de funcións de dúas ou tres variables cunha ou dúas condicións

**Extremos condicionados de funcións de dúas ou tres variables con unha ou dúas condicións**

#auto

funcion  $x^2+y^2$   
condicions  $[2*x-4*y+5]$

**Possibles extremos:**

$(-\frac{1}{2}, 1)$

A folla de traballo calcula os puntos críticos da función auxiliar (a lagranxiana), entre os cais se atopan os puntos extremos.


### Restriccions de uso

- Admite funcións de dúas ou tres variables:  $x, y$  e  $z$ . Se a función é de dúas variables, estas son  $x, y$ . Se de tres,  $x, y, z$ .
- En xeral, só ten sentido impor dúas condicións para funcións de tres variables.

### Exercicios

1. Acha os extremos da función  $x^2 + y^2$  sometidos á condición  $2x - 4y = -5$  e clasifícaos (máximo, mínimo). Representa as superficies  $z = x^2 + y^2$  e

$z = 2x - 4y + 5$  ca folla de representación simultánea de funcións de dúas variables. Decide se as superficies se cortan. Representa os puntos comúns a ambas superficies e, usando cálculo diferencial nunha variable, comproba a corrección do resultado da folla.




2. Unha caixa rectangular repousa sobre o plano  $xy$  cun vértice na orixe. Acha o volume máximo se o vértice oposto se sitúa no plano  $6x + 4y + 3z = 24$ .
3. Acha o ortoedro de volume máximo que pode ser inscrito
  - a) na esfera  $x^2 + y^2 + z^2 = 1$
  - b) no elipsoide  $x^2 + y^2 + 2z^2 = 1$
  - c) no elipsoide  $2x^2 + y^2 + 3z^2 = 1$ .
4. Acha os valores máximos e mínimos relativos que alcanza a función  $f(x, y) = x^2 - 4xy + y^2 + 20x + 20y + 10$  cando  $(x, y)$  percorre a curva  $g(x, y) = x^2 + y^2 + xy - 12$ .
5. Acha as distancias máxima e mínima dun punto xenérico da curva intersección das superficies  $x^2 + 2y + 3z^2 = 1$  e  $2x^2 + 3y^2 + z^2 = 1$ .

## Folla 17

# Gradiente, curvas de nivel e campo gradiente de funcións de dúas variables

**Gradiente, curvas de nivel e campo gradiente de funcións de dúas variables  $f(x, y)$**



A folla de traballo calcula o vector gradiente, e amosa curvas de nivel e o campo gradiente dunha función de dúas variables.

### Restriccóns de uso

- As variables da función son  $x$  e  $y$ .


### Exercicios

1. Calcula o vector gradiente da función  $f(x, y) = x^2 + y^2$ . Debuxa o seu campo gradiente. Usa o slider para variar o número de curvas de nivel. ¿Podes controlar exactamente qué curvas de nivel se dibuxan?
2. Accede ó código da folla e sustitúe `contours=num_curvas` por `contours=[1,2,3]`. Verás que agora aparecen tres curvas de nivel  $f(x, y) = 1, 2, 3$ . Observa as posicións das curvas de nivel e as frechas do campo gradiente. Explícao.
3. Acha as curvas de nivel para as funcións
  - a)  $5x + 3y$
  - b)  $\frac{1}{2+\sqrt{x^2+y^2}}$

## Folla 18

# Gradiente, superficies equipotenciais e campo gradiente de funcións de tres variables

**Gradiente, superficies equipotenciais e campo gradiente de funcións de tres variables  $f(x, y, z)$**




A folla de traballo calcula o vector gradiente, e amosa superficies equipotenciais e o campo gradiente dunha función de tres variables.

### Restriccóns de uso

- As variables da función son  $x, y$  e  $z$ .

## Exercicios


1. Acha as superficies equipotenciais das funcións
  - a)  $3x^2 + 3y^2 + 3z^2$
  - b)  $\frac{1}{x+y+z}$
  - c)  $\frac{1}{\sqrt{x^2+y^2}} + 5z$
2. Cambia no código os valores de `opacity` e `rgbcolor` para mellorar a visualización das superficies.
3. Explica porqué é imposible obter a seguinte figura nesta folla de traballo. Corrixe no debuxo o necesario para desfacelo erro.



## Folla 19

# Plano tanxente a unha superficie $z = f(x, y)$ nun punto

**Plano tanxente a unha superficie  $z = f(x, y)$  nun punto**



A folla de traballo calcula o plano tanxente á función especificada e represéntao xunto coa superficie.

### Restriccions de uso

- As variables da función son  $x$  e  $y$ .

## Exercicios


1. Acha a ecuación do plano tanxente ás seguintes superficies nos puntos indicados:
  - a)  $f(x, y) = \sin(xy)$  no punto  $(0, 1)$
  - b)  $f(x, y) = \sin(x + y)$  no punto  $(0, 1)$
  - c)  $f(x, y) = 3x^2 + 2y^2 - 11$  no punto  $(2, 1)$
  - d)  $f(x, y) = \sqrt{x^2 + y^2}$  no punto  $(1, 1)$
2. Se se tenta achar a ecuación do plano tanxente na orixe á función  $f(x, y) = \sqrt{x^2 + y^2}$  a folla devolve erro. Explica a razón.
3. A folla pode utilizarse para calcular planos tanxentes de funcións implícitas  $F(x, y, z) = 0$  se pode despexarse o  $z$ , como no caso do cono  $z^2 = x^2 + y^2$ . Pero iso non é sempre posible ou doado. Para calculalo plano tanxente ó cono no punto  $(1, 1, -\sqrt{2})$  coa folla hai que introducir a función  $-\sqrt{x^2 + y^2}$ .
4. Acha a ecuación do plano tanxente á superficie  $x^2 + 3y^2 - 4z^2 + 3xy - 10yz + 4x - 5z - 22 = 0$  no punto  $(1, -2, 1)$ . Podes despexar  $z$  escribindo nunha celdiña baleira `solve(x^2+3*y^2-4*z^2+3*x*y-10*y*z+4*x-5*z-22, z)`. Terás que decidir en cal das novas superficies está o punto dado.
5. Modifica a folla de traballo para que acepte superficies definidas implícitamente. Para elo, busca a pestana `File...` e selecciona a opción `Copy worksheet`. Renomea a copia con `19impl` e fai as modificacións necesarias. Para entrar no texto fora das celdiñas preme o botón `Edit` e verás como se escribe este texto HTML. A nova folla debe ter o aspecto da seguinte imaxe.

**Plano tanxente a unha superficie  $F(x, y, z) = 0$  nun punto**

#auto

funcion  $x^2+y^2-z^2$   
dominio\_x (-2, 2)  
dominio\_y (-2,2)  
dominio\_z (-2,2)  
punto (1,0,1)

O plano tanxente é  $2x - 2z = 0$



6. Se introduce os seguintes datos `funcion x^2+y^2-1`, `dominio_x (-2,2)`, `dominio_y (-2,2)` e `punto (1,0)` na folla 19, ¿qué imaxe obtés? (Tenta resolvelo sen facelo na folla). E cal ca folla para superficies implícitas e os datos `funcion x^2+y^2-1`, `dominio_x (-2,2)`, `dominio_y (-2,2)`, `dominio_z (-2,2)` e `punto (1,0,0)`.


The development process of  
my math  
software  
should be  
public and  
peer  
reviewed.



[www.sagemath.org](http://www.sagemath.org)

## Folla 20

# Visualización de recintos planos



A folla de traballo representa recintos no plano descritos mediante desigualdades en dous variables. Os recintos están contidos nun rectángulo especificado pola usuaria.

### Restriccions de uso

- As variables das desigualdades son  $x$  e  $y$ .


### Exercicios

- Representa o recinto  $\|x| - |y\| \leq 1$  contido no rectángulo  $[-2, 2] \times [-2, 2]$ .
- Representa os seguintes recintos:
  - $x \geq 1, y \geq 1, x + y \leq 1$

- b)  $x \leq 1, y \leq 1, x^2 + y^2 \geq 1$
- c) O cuadrilátero curvílineo limitado polas curvas  $y^2 = 4(x + 1), y^2 = 2(x + \frac{1}{2}), y^2 = 6(\frac{3}{2} - x), y^2 = 4(1 - x)$  e situado enriba do eixe de abscisas
- d)  $1 \leq (x + 2y)^2 + 4y^2 \leq 4$
- e)  $1 < x^2 - y^2 < 4, xy < 1, x > 0, y > 0$
- f) O recinto limitado por  $x^2 + y^2 = 1, x^2 + y^2 = 2, y = 0, y = 1$
3. Representa, nun cuadrado centrado na orixe de lado 20:
- a)  $\sin x \geq \frac{1}{4}$
- b) Se no recinto anterior, sustitúes  $\frac{1}{4}$  por  $\frac{1}{2}$ , ¿serán as barras más anchas ou más estreitas? (Pensa a resposta antes de comprobalo na folla).
- c) E se sustitúes sin por cos, ¿serán horizontais as barras? (Pensa a resposta antes de comprobalo na folla). ¿Qué hai que cambiar para ter barras horizontais?
- d)  $\sin(x) \geq a, \cos(x) \geq a$  para  $a = \frac{1}{4}, \frac{1}{2}$ . ¿Para qué valor mínimo de  $a$  obténse un recinto baleiro?
- e)  $\sin(x)\sin(y) \geq \frac{1}{4}$
- f)  $\sin(x)\sin(y) \geq \frac{1}{2}$ . Observa que niste caso non aparecen cortes. Redefine o cuadrado de debuxo no exercicio anterior para que tampouco aparezan cortes.
- g)  $\sin(x)\sin(y) \geq \frac{1}{4}, \cos(x)\cos(y) \geq \frac{1}{4}$
- h)  $\sin(x)\sin(y) \geq \frac{1}{2}, \cos(x)\cos(y) \geq \frac{1}{2}$
- i)  $\sin(x)\tan(y) \geq \frac{1}{4}$
4. Executa nunha celdiña baleira da folla o comando
- ```
region_plot(sin(x)*tan(y)>=1/2,(x,-10,10),(y,-10,10),
incol='yellow',bordercol='black',borderstyle='dashed',
plot_points=250, aspect_ratio=1).
```
- Busca na documentación (`region_plot?`) o significado dos argumentos do comando.

## Folla 21

# Visualización de recintos 3d



A folla de traballo representa sólidos no espacio descritos mediante desigualdades en tres variables. Os sólidos están contidos nunha caixa especificada pola usuaria.


### Restriccions de uso

- As variables das desigualdades son  $x, y$  e  $z$ .

- Nesta folla, a diferenzia de outras, os campos de entrada pódense actualizar sen avaliación para cada campo. Despois de cambiar os campos prémase o botón **Update**.

### Exercicios

1. Intersección dun cono coa esfera unidade. Representa o sólido  $x^2 + y^2 + z^2 \leq 1, 3x^2 + 3y^2 \leq z^2$  contido no cubo  $[-1, 1] \times [-1, 1] \times [-1, 1]$ .
2. Representa os puntos da esfera de radio  $\sqrt{8}$  nos que  $|xyz| \geq 2$ .
3. Representa a parte do elipsoide  $x^2 + 4y^2 + 9z^2 = 36$  contida no semiespacio  $x + 4y + 6z \geq 3$ . Terás que redefinir a caixa para que se vexa todo o sólido.
4. Representa a parte do paraboloide  $z = x^2 + y^2$  comprendida entre os planos  $z = 1$  e  $z = 4$ .
5. Representa o sólido determinado polos cilindros  $x^2 + y^2 = 4$  e  $x^2 + z^2 = 4$ .
6. No campo **condicions** asúmese que istas forman unha conxunción. Así, no último exercicio represéntase a parte común a ambos cilindros. Se se quere representar o sólido formado por ambos cilindros (é decir, os puntos  $(x, y, z)$  tais que  $x^2 + y^2 \leq 4$  ou  $x^2 + z^2 \leq 4$ ) o comando é  
`implicit_plot3d(min_symbolic(x^2+y^2-4,x^2+z^2-4),(x,-4,4),  
(y,-4,4),(z,-4,4),smooth=False)`  
que devolve



A regla é: Se o sólido está definido como unha combinación booleana de desigualdades, entón

- a) reescribir tódalas desigualdades na forma  $F(x, y, z) \leq 0$  (a desigualdade pode ser estricta),
- b) eliminar  $\leq 0$  das expresións
- c) reemplazar as conxuncións con **max\_symbolic**,
- d) reemplazar as disxuncións con **min\_symbolic**, e
- e) utilizar **implicit\_plot3d** como se ilustra de seguido.

Para representar o sólido formado polos puntos do cilindro  $x^2 + y^2 = 4$  ou do cilindro  $x^2 + z^2 = 4$  e que estén dentro do cubo  $[-3.8, 3.8]^3$  hai que executar

```
implicit_plot3d(max_symbolic(min_symbolic(x^2+y^2-4,x^2+z^2-4),  
x-3.8,y-3.8,z-3.8,-x-3.8,-y-3.8,-z-3.8),(x,-4,4), (y,-4,4),  
(z,-4,4), smooth=False)
```

I want to be able to  
fix bugs  
in my  
math  
software  
by myself. [www.sagemath.org](http://www.sagemath.org)



## Folla 22

# Integrals dobles

**Integrals dobles**  $\int_{x_1}^{x_2} \int_{y_1}^{y_2} f(x, y) dy dx$

```
#auto
funcion y/(x^2 + y^2)
dominio_x (0, 1/2)
dominio_y (x/2, x)

O valor da integral dobre é 3/4 log(2) - 1/4 log(5)

Unha aproximación numérica é 0.117501
```

A folla de traballo calcula integrals dobles de funcións  $f(x, y)$  no recinto especificado pola usuaria. Intégrase unha grande cantidade de funcións, independentemente do tipo da integral dobre.

### Restriccions de uso

- As variables da función son  $x$  e  $y$ . Calqueira outra variable considérase constante na integración.


### Exercicios

1. Calcular

$$a) \int_1^4 \int_{-2}^3 y^2 - 2x^2y + x^3 dy dx$$
$$b) \int_{-2}^3 \int_1^4 y^2 - 2x^2y + x^3 dx dy$$

2. Representar, usando a folla 20, o recinto de integración do exercicio da imaxe inicial desta folla. A seguinte imaxe amosa unha solución.

### Visualización de recintos planos



3. Calcula mediante unha integral dobre o volume da esfera de radio 3.
4. Calcula o valor de  $V = 8 \int \int_R \sqrt{9 - x^2 - y^2} dx dy$ , sendo  $R$  o primeiro cuadrante de  $x^2 + y^2 \leq 9$ . Comproba que  $\int \int_R \sqrt{9 - x^2 - y^2} dx dy = \int \int_R \sqrt{9 - x^2 - y^2} dy dx$ .
5. Calcula  $\int \int_R x + y dx dy$  sendo  $R$  o recinto definido por  $x^2 + y^2 - 2x \leq 0, x^2 + y^2 - 2y \geq 0, y \geq 0$ . Representa previamente o recinto.
6. Representa o recinto  $R$  definido por  $x^2 + y^2 = 1, x^2 + y^2 = 2, y = 0, y = 1$ . Acha a súa área utilizando integrais dobles.
7. Acha o volume do sólido  $S = \{(x, y, z) \in \mathbb{R}^3 / x^2 + y^2 \leq 1, x^2 + z^2 \leq 1\}$
8. Acha o volume do sólido
  - a) delimitado polos cilindros  $z = x^2$  e  $z = 4 - y^2$ ,
  - b) formado polos puntos interiores ó cilindro  $x^2 + y^2 = 2x$  que se atopan sobre o plano  $z = 0$  e baixo o paraboloide  $z = x^2 + y^2$ .
9. A folla tamén calcula integrais dobles cando a función ten constantes. Calcula
  - a)  $\int_0^{\frac{1}{2}} \int_{\frac{x}{2}}^x \frac{ay}{x^2 + y^2} dy dx$
  - b)  $\int_0^{\frac{1}{2}} \int_{\frac{x}{2}}^x \frac{y}{ax^2 + y^2} dy dx$
  - c)  $\int_0^{\frac{1}{2}} \int_{\frac{x}{2}}^x \frac{y}{x^2 + ay^2} dy dx$

## Folla 23

# Integrais triples

**Integrais triples**  $\int_{x_1}^{x_2} \int_{y_1}^{y_2} \int_{z_1}^{z_2} f(x, y, z) dz dy dx$

```
#auto
funcion x^2*sin(z)
dominio_x [0,pi]
dominio_y [0,x]
dominio_z [0,x*y]
Update
```

**0 valor da integral triple é**  $\frac{1}{4}\pi^4 + \frac{1}{2}\cos(\pi^2) - \frac{1}{2}$

**Unha aproximación numérica é** 23.4009


A folla de traballo calcula integrais triples de funcións  $f(x, y, z)$  no sólido especificado pola usuaria. Intégrase unha grande cantidade de funcións, independentemente do tipo da integral triple.

### Restriccions de uso


- As variables da función son  $x, y$  e  $z$ . Calqueira outra variable considérase constante na integración.

### Exercicios

1. Representar, usando a folla 21, o sólido sobre o que se integra no exemplo da imaxe precedente. Unha solución amósase na seguinte imaxe.



2. Representar o sólido  $S$  limitado polos planos  $x = 0, x = 2\sqrt{\pi}, y = \frac{x}{2}, y = \sqrt{\pi}, z = 2$  e  $z = 4$ . Calcular a integral  $\iiint_S \sin \frac{y^2}{2} dz dy dx$ .



3. Calcular  $\int_0^1 \int_1^2 \int_3^4 (x^2 + y^2 + z^2) dx dz dy$ .
4. Representa o sólido limitado polas superficies  $y^2 + z = 4, x + z = 4, x = 0$  e  $z = 0$ . Calcula o seu volume.
5. O cálculo do volume dun sólido dá lugar á integral triple  $\int_0^3 \int_0^{\sqrt{9-x^2}} \int_{x^2+y^2}^9 dz dy dx$ .
- Represents the solid.
  - Calculates the volume.
  - Expresses the volume using another triple integral with the order of integration  $y, z, x$ .

## Folla 24

# Resolución de ecuacións diferenciais ordinarias

### Resolución de ecuacións diferenciais ordinarias

```
#auto
ecuacion y+diff(y,x)
condicion_inicial []
amosar_método []
tentar_especiais []
```

**Solución da ecuación**

*ce<sup>(-x)</sup>*

A folla de traballo integra ecuacións diferenciais ordinarias ata de segundo orde. Poden especificarse valores iniciais, pedir que se indique o método usado na integración ou resolver algúns tipos especiais de ecuacións (Clairaut, Riccati, ...), esto último co risco de ter que esperar moito tempo.

#### Restriccóns de uso

- As variables son  $x$  (independente) e  $y$  (dependente. Búscase unha primitiva  $y = f(x)$ ). Calqueira outra variable considérase constante na integración.
- No campo **ecuacion** hai que escribir a igualdade mediante **==**.
- se hai condicións iniciais, escríbense no campo **condicion\_inicial**. Se a ecuación é de orde 1 a condición será  $[x_0, y(x_0)]$ , e se é de orde 2,  $[x_0, y(x_0), y'(x_0)]$ .

#### Exercicios

- Resolver as seguintes ecuacións diferenciais (á dereita de cada unha está o valor do campo **ecuacion**):

a)  $xy' = 2y, x*diff(y,x)==2*y$

- b)  $yy' + x = 0$ ,  $y*diff(y,x)+x==0$  (neste caso tamén se acepta  $y*diff(y,x)+x$ )  
c)  $2x^3y' = y(y^2 + 3x^2)$ ,  $2*x^3*diff(y,x)==y*(y^2+3*x^2)$   
d)  $y'' - 2y' + y = 0$ ,  $diff(y,x,2)-2*diff(y,x)+y==0$   
e)  $(x-1)y'' - xy' + y = 0$ ,  $(x-1)*diff(y,x,2)-x*diff(y,x)+y == 0$  (a folla non atopa solución para esta ecuación)  
f)  $y'' = y$ ,  $diff(y,x,2)==y$   
g)  $y'' - y = 4 - x$ ,  $diff(y,x,2)-y==4-x$   
h)  $y'' - 3y' + 2y = 0$ ,  $diff(y,x,2)-3*diff(y,x)+2*y==0$   
i)  $y'' - 3y' + 2y = 2e^x(1-x)$ ,  $diff(y,x,2)-3*diff(y,x)+2*y==2*e^x*(1-x)$
2. Resolver a ecuación  $y = xy' + 1 - \log(y')$ . A folla, se non se usa a opción **tentar\_especiais**, devolve erro. Ca opción activada identifica a ecuación como de Clairaut e devolve a solución.

ecuacion

condicion\_inicial

amosar\_método

tentar\_especiais

**Solución da ecuación**

$\left[ y(x) = cx - \log(c) + 1, \left[ -tx + \log(t) + y(x) - 1 = 0, -\frac{tx-1}{t} = 0 \right] \right], \text{ polo método clairault}$

3. Resolver  $y'e^{-x} + y^2 - 2ye^x = 1 - e^{2x}$ .
4. Resolver  $y' = 1 + 2xy$  e calcular a solución particular que pasa por  $(0, 1)$ .
5. Calcular a solución particular da ecuación do exercicio 1.d) con  $x_0 = 2$ ,  $y(x_0) = 3$  e  $y'(x_0) = 4$ .
6. Nun certo cultivo de bacterias a velocidade de crecemento é directamente proporcional ó número presente, e observouse que este se duplica ó cabo de catro horas. Estabrece a lei de crecemento e acha o número de bacterias no cultivo transcurridas doce horas.
7. Segundo a lei de Newton, a velocidade a que se arrefría unha substancia ó aire libre é proporcional á diferencia entre a temperatura da devandita substancia e a do aire. Se a temperatura do aire é  $30^\circ$ , e a substancia arrefíase de  $100^\circ$  a  $70^\circ$  en 15 minutos, acha o instante no que a súa temperatura é de  $40^\circ$ .
8. Se a poboación dun país se duplica en 50 anos, ¿en cantos anos será o triple, supoñendo que a velocidade de aumento é proporcional ó número de habitantes?
9. O radio descompónse a unha velocidade proporcional á cantidade presente. Se a metade da cantidade orixinal desaparece en 1600 anos, acha a porcentaxe de perda en 100 anos.
10. Acha a curva tal que en cada punto  $(x, y)$  o segmento que a tanxente intercepta no eixe  $y$  é igual a  $2xy^2$ .

11. Acha a familia de curvas para as que a lonxitude da parte da taxxente entre o punto de contacto  $(x, y)$  e o eixe  $y$  é igual ó segmento interceptado en  $y$  pola taxxente.
12. Acha a ecuación da curva para a que
  - a) a normal nun punto calquera pasa pola orixe,
  - b) a pendente da taxxente nun punto calquera é a metade da pendente da recta que vai da orixe ao punto,
  - c) a normal nun punto calquera e a recta que une ese punto coa orixe forman un triángulo isósceles que ten o eixe  $x$  como base,
  - d) o segmento de perpendicular dende a orixe a unha recta taxxente da curva é igual á abscisa do punto de contacto.